

MARTA SANTAMARÍA DOMÍNGUEZ

MARTA SANTAMARÍA DOMÍNGUEZ

MARTA SANTAMARÍA DOMÍNGUEZ

MARTA SANTAMARÍA DOMÍNGUEZ

- MARTA SANTAMARÍA DOMÍNGUEZ

- MARTA SANTAMARÍA DOMÍNGUEZ

MARTA SANTAMARÍA DOMÍNGUEZ



Durante a súa bolsa de investigación Archipelagos, Marta desenvolveu un proxecto para descubrir voces inéditas de mulleres poetas francófonas da Resistencia.

Obra:

- Prière aux vivants pour leur pardonner d'être vivants et autres poèmes (Les Éditions de Minuit, 2024), Charlotte Delbo, 160 páxinas.

Lugar da residencia:

Collège International des Traducteurs Littéraires (Arles, Francia)


Datas da residencia:

Do 24 ao 31 de agosto de 2024

Lingua de traballo:

Francés → Galego

Residencia grazas a:



Association pour la promotion de la TRADUCTION LITTÉRAIRE

Vinculada ao mundo artístico dende a súa infancia, **Marta Santamaría Domínguez** realiza estudos de Violín no Conservatorio Superior de Badaxoz e no Conservatoire royal de Bruxelles. Así mesmo, obtén un grao en Tradución e Interpretación na Universidade de Vigo e un mestrado en Tradución especializada na Universidade de Córdoba.

É galardoada con varios premios de tradución (accésit e primeiro premio da Universidade de Vigo, XI Premio Francisco Ayala), e participa en diferentes obradoiros e formacións: Transmettre le Québec, IV Edición do programa de mentorías de ACE Traductores, Literature Ireland 2022 Summer Translation Workshop, ViceVersa 2022. Interesada especialmente no xénero poético, Marta traduciu a autores como Yves Bonnefoy, Paul-Jean Toulet, André Velter e Michael Delisle.

MARTA SANTAMARÍA DOMÍNGUEZ

Se desexa ler a mostra de tradución, contacte con Marta:

msantamariad2011@gmail.com

Atope máis información de Marta en archipelagos-eu.org

Marta
Santamaría
Domínguez



CHARLOTTE DELBO
PRIÈRE AUX VIVANTS
POUR LEUR
PARDONNER
D'ÊTRE VIVANTS
et autres poèmes



Charlotte Delbo, *Prière aux vivants pour leur pardonner d'être vivants et autres poèmes* © 2024 by Les Editions de Minuit

Sinopse:

A obra *Prière aux vivants pour leur pardonner d'être vivants et autres poèmes* recompila por primeira vez toda a poesía de Charlotte Delbo. A maioría dos textos poéticos proveñen da trilogía *Auschwitz et après* (*Aucun de nous ne reviendra*, *Une connaissance inutile* e *Mesure de nos jours*) e da obra *La mémoire et les jours*. Con todo, tamén figuran outros textos literarios: un poema, publicado por primeira vez na revista *Poésie 47* (número 36) en 1946; e dez poemas inéditos procedentes dos arquivos da Biblioteca Nacional de Francia. A temática abordada na recompilación abrangue a deportación, Auschwitz, Georges Dudach, o retorno e diversos dramas políticos acontecidos noutros países.

O proxecto Archipelagos:

Archipelagos ten como obxectivo revelar a diversidade lingüística da literatura europea apoiándose na experiencia dos tradutores literarios e reforzando o saber facer dos outros profesionais do libro.